



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.gal

DECRETO DE ALCALDIA

Luis Arosa García, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), adoptou o seguinte Decreto.

Expediente n.º 1533/2023

Asunto: Ampliación de horarios de peche de establecementos durante as Festas do Carme 2023.

Vista a Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, en cuxo artigo 5 establécese o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto que o citado horario xeral de peche é o seguinte:

- Cafeterías: 2.30 horas.
- Bares: 2.30 horas.
- Discotecas: 6.00 horas.
- Pubs: 4.00 horas.
- Festas e verbenas populares: 4.00 horas.

Visto que de acordo co artigo 7 o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 8, que permite que os horarios xerais podan ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde, correspondendo aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Visto que de acordo co artigo 9 os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Visto que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, podendo tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Vista a celebración neste Concello das Festas Patronais en honra da Virxe do Carme durante o período comprendido entre o 17 e o 23 de xullo de 2023.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa vixente

RESOLVO





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.gal

1.- Ampliar o horario de peche dos establecementos abertos ó público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas durante o período comprendido entre o 17 e o 23 de xullo de 2023, nos seguintes termos:

a) Período comprendido entre o 17 e o 20 de xullo de 2023:

- Cafeterías: 4.30 horas.
- Bares: 4.30 horas.
- Discotecas: 6.30 horas.
- Pubs: 6.00 horas.
- Festas e verbenas populares: 6.00 horas.

b) Período comprendido entre o 21 e o 23 de xullo de 2023:

- Cafeterías: 5.00 horas.
- Bares: 5.00 horas.
- Discotecas: 6.30 horas.
- Pubs: 6.30 horas.
- Festas e verbenas populares: 6.00 horas.

2.- Publicar o presente Decreto no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello.

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE

Asdo. Luis Arosa García

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

